



## O Parlamento acolle a entrega da XXIII Edición dos Premios de Publicidade en Galego

- **A vicepresidenta primeira da Cámara, Marta Rodríguez Arias, anima a empresas e creativos a “seguir avanzando na senda galeguizadora” da publicidade**

**Santiago, 12 de maio de 2016.-** A vicepresidenta primeira do Parlamento de Galicia, Marta Rodríguez Arias, destacou esta tarde o avance rexistrado en materia de normalización do uso da lingua galega, “tamén na publicidade, onde o galego pasou de ter un papel residual a ir gañando presenza, paseniñamente, como podemos comprobar ano tras ano”.

Rodríguez Arias presidiu esta tarde, na sede do Parlamento, o acto de entrega da XXIII Edición dos Premios de Publicidade en Galego, convocados polo Consello Asesor de RTVE-G e da Corporación da RTVG, en funcións. Participou tamén no acto a vicesecretaria da Cámara, Concepción Burgo, e deputados dos grupos parlamentarios.

### **Galardoados**

Nesta XXIII Edición dos Premios de Publicidade en Galego resultaron gañadores: na modalidade de Internet, o spot “Fai historia con nós” da Universidade de Vigo, elaborado pola axencia *NASAS*; en radio, a cuña “Estrella Galicia”, de *Idea Creatividad y Comunicación*; mentres na modalidade de televisión, o galardón correspondeu ao spot “En confianza” de Gadis, obra da axencia *Bap&Conde*.

A vicepresidenta da Cámara galega animou ás empresas, e de maneira especial aos creativos publicitarios, a “seguir avanzando na senda galeguizadora”, polo que lles pediu que aconsellen aos seus clientes o uso do galego nas campañas de publicidade.



Atribuíu a recuperación do galego a unha serie de factores entre os que destacou as persoas que o falan, os devanceiros que preservaron a lingua, os intelectuais, os medios de comunicación, o sistema educativo ou as institucións.

“Neste renacer do idioma, o Parlamento de Galicia, alicerce básico da nosa autonomía, xoga e xogou tamén un papel determinante por moitas razóns”, entre as que Rodríguez Arias se referiu á “capital importancia” da Lei de normalización lingüística, “á que debemos bos parte do prestixio, a difusión e a presenza social que o galego ten arestora”.

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.